


<i>Area / Unidade</i> GESTION DE DEPORTES DJ1000 FPSV/mcs	<i>Documento</i> 21115I05TN	
<i>Código de verificación</i>  5Y72 2P5N 5236 6T0D 12QN	<i>Expediente</i> 211/2021/883	
	<i>Data</i> 10-12-2021	

Asunto: CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE NOVAS MATRÍCULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS CURSO 2021-2022

### ANTECEDENTES DE FEITO

**I.** O Concello da Coruña, conforme ao disposto no art 25.2.l) da Lei reguladora das bases de réxime local vixente (LRBRL) así como o art. 8 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, ten entre outras competencias a da promoción e fomento da práctica do deporte, contribuíndo á mellora da condición física en xeral, e á integración social a través do deporte.

En particular correspóndelle ao Concello, para os efectos que aquí interesan, como prestación de servizo obrigatorio (art. 26.1.c da LRBRL): a xestión das instalacións deportivas municipais (art.8.2 LDG). E en liña co anterior, tamén lle corresponde, adoptar medidas que acheguen as actividades físico deportivas a toda a veciñanza, especialmente cando se encauza a través de actividades dirixidas.

Neste sentido, a Concellaría de Deportes organiza cada ano Escolas Deportivas Municipais (EDM).

Con motivo da eliminación das restricións de aforo que provocara a situación sanitaria da Covid-19 procédese á convocatoria extraordinaria pública pola que se ofertan á cidadanía as prazas libres nas actividades das Escolas Deportivas Municipais (EDM) para o curso 2021-2022.

**II.** En liña co anterior, é o abeiro do previsto no art. 20.4.o) do vixente TRLRHL, a participación en ditas actividades municipais atopase gravado ca imposición da taxa regulada na Ordenanza Fiscal nº 15.

**III.** Que se pretende impulsar a aprobación dunha convocatoria pública que permita establecer as condicións xerais nas que se vai prestar o devandito servizo municipal deportivo e regular especialmente o libre acceso a tales actividades baixo os principios de igualdade e libre concorrancia.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Que sobre a base do disposto no art. 124.4.b) da vixente LRBRL resulta competente a alcaldesa, pero dita función foi delegada a favor da concelleira delegada de Deportes en virtude do decreto 3846/2019, publicado no BOP núm. 124 do 3 de xullo de 2019.

Por todo o exposto fórmase a seguinte:



## PROPOSTA DE DECRETO

**Único.** Aprobar as bases da convocatoria extraordinaria de novas matriculas nas Escolas Municipais Deportivas para o curso 2021-2022; as cales se achegan como anexo ao presente decreto.

A Coruña, a data da sinatura deste documento.

O xefe do servizo de Deportes.

Fernando Pérez San Vicente.

## **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE NOVAS MATRÍCULAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS CURSO 2021-2022**

Bases da convocatoria extraordinaria de novas matrículas das Escolas Deportivas Municipais (en diante EDM) do Servizo Municipal de Deportes (en diante SMD), redactadas segundo a normativa de uso das instalacións deportivas, EDM e outras actividades (aprobada pola Xunta de Goberno Local o 20 de xullo de 2007).

### **1. OBXECTO**

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria extraordinaria pública pola que se ofertan á cidadanía as prazas libres nas actividades das Escolas Deportivas Municipais (EDM) para o curso 2021-2022 con motivo da eliminación das restricións de aforo que provocara a situación sanitaria da Covid-19, que comezarán en xaneiro de 2022 e finalizarán en xuño de 2022, así como a convocatoria de novos cursos de natación e novas actividades.

Todas as datas que se indicarán nas seguintes bases teñen carácter informativo pero non son vinculantes, de xeito que, se acontecese algún imprevisto en algunha das fases do procedemento, o Servizo Municipal de Deportes pode cambialas motivadamente sen necesidade de modificar as presentes bases; sempre e cando se respecten os prazos previstos para cada trámite e previa publicación na páxina web : [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes).

Nestas bases régulase a convocatoria pública das prazas libres das EDM das instalacións deportivas xestionadas directamente polo Concello da Coruña.

Achéganse dous anexos:

Anexo I: documentación (formulario de matrícula e documento para autorizar a recollida dos/das menores ao rematar a actividade).

Anexo II: relación de actividades xestionadas directamente polo Concello da Coruña.

Todas as publicacións relativas a este proceso faranse polas seguintes canles:

- Na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes).
- Nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais.

Así mesmo, poderase obter información no teléfono de información da cidadanía 010.

### **2. PERSOAS DESTINATARIAS**

Poderán participar neste procedemento as persoas que non teñan xa concedida dúas actividades nunha EDM, xa sexa do propio Concello ou de San Diego ou San Amaro.

As EDM están dirixidas, preferentemente, ás persoas empadroadas na cidade da Coruña. Sen embargo, permítense que soliciten praza aquelas persoas que, aínda non estando empadroadas nesta cidade, desexen acceder a elas, tendo en conta que terán preferencia as persoas empadroadas.

Cada persoa deberá solicitar unha praza en función da súa idade. Para estes efectos tomarase como consideración a idade cumprida a 31 de decembro de 2021.

As persoas con discapacidade poderán solicitar praza nunha Escola Deportiva Municipal, tendo en conta o seguinte:

- No formulario de matrícula indicárase tipo e grao de discapacidade, e se a persoa é dependente ou non. As persoas dependentes que para a súa normalización precisen calquera adaptación ou seguimento, deberán indicalo na solicitude.
- En todo caso optarán á praza nas mesmas condicións que o resto de solicitantes.
- O alumnado e, no seu caso, quen ostente a súa garda e custodia ou a súa tutela, deberá facer unha declaración responsable de que non padece ningunha enfermidade que lle incapacite para a práctica da actividade deportiva. De incorrer en falsidade, a persoa será dada de baixa de oficio sen dereito á devolución das taxas aboadas. Se padece algún tipo de discapacidade ou existe calquera dato relevante que poida incidir na práctica deportiva deberá achegar informe médico dirixido ao SMD no momento da súa matrícula. No suposto de concorrer algún indicio de que a persoa poida atoparse nalgunha destas circunstancias, o SMD poderá requirirle expresamente a achega de certificado médico ou documento equivalente.

Para as actividades de natación a partir de 9 anos será imprescindible saber nadar 25 metros sen tocar fondo nin suxeición a medios auxiliares fixos ou móbiles.

### 3. NORMAS XENÉRICAS E PRAZOS

Prazos do procedemento:

<b>Presentación de solicitudes</b>	13 de decembro ao 17 de decembro ás 23:59h
<b>Listaxe provisional</b>	22 de decembro a partir das 14:00h
<b>Corrección de erros</b>	23 de decembro dende as 8:00h ao 24 de decembro ás 23:59h
<b>Sorteo (no caso de ser necesario)</b>	27 de decembro ás 9:00h
<b>Listaxe definitiva</b>	29 de decembro a partir das 14:00h
<b>Matrículas</b>	30 de decembro dende as 8:00h ao 7 de xaneiro ás 14:00h
<b>Presentación de solicitudes (Prazas vacantes)</b>	A partir do 10 de xaneiro
<b>Comezo das clases (novos inscritos)</b>	10 de xaneiro de 2022

Consonte coa Ordenanza fiscal número 15, reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais, con independencia do día do mes en que a persoa pague a taxa correspondente, o cálculo do importe da taxa farase computando o mes completo, non sendo divisible o importe da taxa en función do número de días que falten para rematar o mes.

As prazas ofertadas, con indicación da actividade, idade, instalación e frecuencia, están detalladas no Anexo II.

### 4. LIMITACIÓN NO NÚMERO DE ACTIVIDADES POR ALUMNO/A

Inicialmente, soamente se poderá obter unha praza neste proceso da convocatoria. Na solicitude de preinscrición poderanse elixir ata dúas opcións (por orde de preferencia) co fin de poder obter unha delas.

Posteriormente, no caso de que queden prazas libres, as persoas que o desexen poderán obter unha praza vacante pagando a taxa correspondente e sen necesidade de participar en ningún procedemento.

## 5. PREINSCRICIÓN

Poderanse realizar as solicitudes de preinscrición do **13 ao 17 de decembro de 2021**. **O prazo rematará o día 17 de decembro ás 23:59 horas.**

As solicitudes faranse polos seguintes medios:

1. Preferentemente, a través da web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes), nun formulario publicado ao efecto.
2. Por teléfono, a través do número 981 18 98 00, ext. 25037 e 25038, onde se lle axudará cubrindo o formulario en liña. Estas extensións telefónicas estarán dispoñibles de 08:00 a 15:00 horas, de luns a venres.

Cada persoa poderá presentar unha única solicitude de preinscrición. Dentro da solicitude poderá elixir ata un máximo de dúas opcións, por orde de preferencia, non podendo repetir a mesma actividade nas dúas opcións.

No caso das solicitudes para menores de idade, consignaranse tamén os datos do pai/nai/titor ou titora.

En todo o procedemento, o NIF que se publicará será o do pai, nai ou titor/a, que será o que se asocie coa solicitude da persoa menor de idade.

No caso de que se vaian solicitar prazas para varios fillos ou fillas, deberá:

1. Realizar unha solicitude de preinscrición por cada fillo ou filla, cubrindo unha solicitude por cada menor na páxina web e **de forma continuada no tempo**.
2. Realizar todas as solicitudes de preinscricións relativas aos menores dunha mesma familia (irmáns e irmás) cun mesmo NIF correspondente ao pai, nai ou titor/a.

Logo de recibir todas as solicitudes, asignaráselle un número a cada unha delas por orde cronolóxico de entrada. Unha vez asignado un número á cada solicitude, no resto do procedemento atenderase sempre a ese número.

O número estará formado por 4 díxitos e será o que se tome de referencia en todo o procedemento.

Para que as persoas solicitantes identifiquen a súa solicitude, na primeira publicación do procedemento amosarase o NIF da persoa solicitante co número de solicitude que lle corresponde.

**No caso de rexistrar para a mesma persoa máis dunha solicitude, só se terá en conta a última, anulando con esta todas as feitas con anterioridade**, coa excepción de unha persoa que presente solicitudes no seu nome e no dos menores ao seu cargo. Neste caso, na primeira publicación, co fin de coñecer as solicitudes de cada un deles, engadirase xunto co NIF as iniciais do nome e apelidos das persoas en nome das cales se solicitou a praza. A cada solicitude daráselle un número distinto.

## 6. PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE SOLICITANTES

Unha vez presentadas todas as solicitudes de preinscrición, confeccionarase unha listaxe por orde cronolóxica de chegada ascendente de hora, minuto e segundo e asignaráselle a cada unha delas **un número de solicitude** en función desa orde. O número de solicitude terá 4 díxitos e será o que se tome de referencia en todo o procedemento.

No suposto de que existan dúas ou máis solicitudes presentadas no mesmo momento asignaráselles o número tendo en conta a orde alfabética (tamén ascendente) dos apelidos.

A listaxe publicarase para coñecemento xeral o día **22 de decembro de 2021 a partir das 14:00**.

Para a consulta telefónica da listaxe habilítanse os seguintes teléfonos:

- 981 18 98 00, ext. 25001(CD. Riazor)
- 981 18 98 06 (Polideportivo do Barrio das Flores)
- 981 18 98 04 (CD Torre)
- Teléfono de información gratuíta 010.

## 7. PRESENTACIÓN DE ALEGACIÓNS SOBRE A LISTAXE DE SOLICITANTES

No caso de que se observe algún erro na listaxe de solicitantes, abrírase un prazo para alegacións e corrección de erros, preferentemente a través do correo electrónico [deportes@coruna.gal](mailto:deportes@coruna.gal). No caso de non dispoñer dos medios necesarios, poderá realizarse no teléfono 981 18 98 00, extensión 25037 ou 25038.

No correo electrónico figurará no asunto o nome completo da persoa para a que se solicitou a praza e un teléfono de contacto.

Durante o prazo de corrección, **non se aceptarán novas solicitudes nin se poderán facer cambios** nos cursos ou actividades solicitadas nin se atenderá a outros datos mais que os consignados no formulario de solicitude.

Realizaranse alegacións durante os días **23 e 24 de decembro de 2021. O prazo rematará o día 24 de decembro ás 23:59 horas.**

## 8. SORTEO PÚBLICO

Nos supostos en que existan máis solicitudes que prazas vacantes, celebrarase un sorteo público para establecer a orde de adxudicación na páxina web <https://echaloasuerte.com/draw/new/number/> ou a través do procedemento de insaculación, retirando un número para as unidades, outro para as decenas, outro para as centenas e outro para as unidades de millar.

Orde de preferencia para a adxudicación de prazas: nos supostos en que o número de prazas solicitadas sexa maior das ofertadas, para a orde de preferencia terase en conta:

- a) As persoas empadroadas no Concello da Coruña.
- b) A orde de preferencia nas actividades indicadas na solicitude (Opción 1 ou Opción 2).
- c) O sorteo de prazas segundo o número de solicitude asignado e conforme ao agraciado no sorteo público.

Se unha persoa por sorteo entra nas dúas opcións, logo deste proceso, so poderá matricularse nunha delas nesta convocatoria.

O sorteo realizarase o día **27 de decembro de 2021 ás 9:00 horas** no Palacio dos Deportes de Riazor.

O sorteo publicarse na páxina web da Concellaría de Deportes así como nas redes sociais da mesma concellaría.

## 9. PRAZAS VACANTES

A Concellaría de Deportes publicará na páxina web municipal ([www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes)) a listaxe de prazas que puideran quedar libres logo de resolver esta convocatoria extraordinaria.

A publicación farase o día 7 de xaneiro de 2022 e, ata o 4 de febreiro, todos os venres a partir das 14:00 h na páxina web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes), nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas e no teléfono de atención cidadá 010, permanecendo abertas as matriculas ata as 14:00 h do venres seguinte á última publicación. Así mesmo, na devandita páxina web, indicárase o xeito de proceder con estas matriculas.

Exceptúanse do punto anterior as EDM para menores de 18 anos, nas que por motivos didácticos e pedagóxicos só permanecerán abertas as matriculas ata o 30 de decembro, salvo que polo baixo índice de matriculación e sempre apoiado por informes favorables do SMD, se decida excepcionalmente permitir a matriculación nun período posterior.

Poderán acceder a estas prazas as persoas que o desexen, con preferencia para as persoas empadroadas na cidade da Coruña, sexan ou non alumnos/as das EDM.

Establécese o límite de dúas prazas por persoa nas EDM, de tal forma que, se xa se alcanzou este límite, non se poderá solicitar unha praza vacante.

## 10. PAGO DA TAXA CORRESPONDENTE E FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

Publicarase a listaxe das persoas que obtiveron praza o día **29 de decembro de 2021 a partir das 14:00 horas**.

Para que a matrícula sexa efectiva o alumnado deberá cubrir o formulario de matrícula que se achega como Anexo e que estará colgado na páxina web municipal e pagar a taxa correspondente de acordo co previsto na Ordenanzas Fiscal número 15 do Concello da Coruña.

A Ordenanza contempla tarifas reducidas para maiores de 65 anos e por rendemento económico ou IPREM (para o cal deberán aportar a documentación preceptiva con carácter previo á data de matriculación).

A formalización e pago da taxa (en efectivo ou con tarxeta de crédito ou débito) poderase realizar a partir do día **30 de decembro de 2021 ata o 7 de xaneiro de 2022**, acudindo ás caixas de Deportes (CD Riazor, CD Torre) ou do 3 de decembro de 2021 ata o 7 de xaneiro de 2022 na caixa de Deportes do polideportivo do Barrio das Flores), **con cita previa e en horario de 08:00 a 14:00 h**.

En todo caso, débese pagar a taxa antes de acudir á actividade, consonte coa Ordenanza fiscal número 15, reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais, con independencia do día do mes en que a persoa pague a taxa correspondente, o cálculo do importe da taxa farase computando o mes completo, non

sendo divisible o importe da taxa en función do número de días que falten para rematar o mes.

De acordo coa mesma ordenanza so se poderá solicitar a devolución da taxa correspondente, no caso de que as actividades para as que se solicita a matrícula non comezaran.

As persoas que nese prazo non formalizaran a matrícula e pagaran a taxa correspondente, entenderase que renuncian á praza.

#### **Documentación que debe acompañarse para a matrícula:**

- a) Menores de 14 anos: Fotocopias do DNI (de non telo, do Libro de Familia) e do DNI do pai/nai.
- b) A partir de 14 anos e ata os 18: Fotocopias do DNI e do DNI dos proxenitores.
- c) Alumnado suxeito a tutela, con independencia da idade: fotocopia do DNI, se o tivese e, ademais, do documento legal que a acredite e do DNI do titor/a.
- d) Maiores de 18 anos: Fotocopia do DNI.

De acordo co disposto no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non se requirirán aos interesados datos ou documentos que fosen achegados anteriormente polo interesado a calquera Administración. A estes efectos, o interesado deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos, debendo as Administracións Públicas solicitalos electrónicamente a través das súas redes corporativas ou dunha consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto. Presumirase que esta consulta é autorizada polos interesados, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso, debendo, en ambos os casos, ser informados previamente dos seus dereitos en materia de protección de datos de carácter persoal. Excepcionalmente, se as Administracións Públicas non puidesen solicitar os citados documentos, poderán solicitar novamente ao interesado a súa achega.

No caso de querer causar baixa nunha actividade, deberase solicitar expresamente.

### **11. NORMAS DE ASISTENCIA DURANTE O CURSO ESCOLAR 2021-2022**

Establécese unha porcentaxe de asistencia obrigatoria nas EDM do 60% das sesións lectivas do curso.

O alumnado só poderá, polo tanto, ter un porcentaxe de falta inferior ao 40% das sesións do curso. Esta situación deberá ser excepcional, debendo o alumnado como norma xeral asistir ás clases.

Non se requirirá que o alumnado presente un xustificante pola súa falta de asistencia. Non existindo distinción entre falta xustificada e non xustificada.

**No caso de que se chegue ao 40% de faltas de asistencia o/a alumno/a debe causar baixa nas EDM sen dereito a percibir a devolución da correspondente taxa.**

### **12. OUTRAS NORMAS**

1. Coa formalización da matrícula, o alumnado comprométese a cumprir co protocolo Covid-19 aprobado polo Concello da Coruña, así como coa normativa sanitaria.



2. O SMD, por motivos técnicos, pedagóxicos, organizativos ou outras circunstancias concorrentes, resérvase a facultade de reaxustar os grupos e, se fose necesario, deixalos sen efecto.

3. Farase un control do uso responsable das EDM, segundo as normas de uso das instalacións deportivas municipais, EDM e outras actividades aprobadas pola Xunta do Goberno Local do 20 de xullo de 2007.

4. O Concello dispón dun servizo gratuíto de asistencia médica e hospitalaria, ata un máximo de 180 días, para o alumnado das escolas deportivas que sufra unha lesión durante a clase e como consecuencia de levar a cabo a actividade proposta polo técnico responsable da mesma. En ningún caso a prestación deste servizo suporá recoñecemento de responsabilidade municipal sobre a lesión sufrida; senón que o mesmo debe incardinarse na vontade desta administración de implantar unha practica deportiva segura e de calidade, que teña activado en todo momento un protocolo que garanta unha atención, inmediata e a curto prazo, da persoa lesionada con servizos especializados en medicina deportiva.

5. A persoa solicitante e, no seu caso, quen ostente a súa garda e custodia ou tutela, declarará baixo a súa responsabilidade que son certos os datos facilitados. No caso de que o SMD detecte falsidade nos devanditos datos, a persoa causará baixa sen dereito á devolución das taxas aboadas.

6. Coa presentación da solicitude de inscrición entenderase que o solicitante e, no seu caso, o seu pai/nai ou titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte da empresa que xestiona as EDM.

7. O SMD resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.

8. Os datos persoais facilitados polos solicitantes serán tratados polo Concello da Coruña con dirección en María Pita, 1 15001 A Coruña, para xestionar as EDM. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase na necesidade que a prestación dos servizos contemplada nas EDM conleva o tratamento de datos persoais. O Concello conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

Non se considerará cesión de datos cando sexa de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, xa que, como se indica na disposición adicional vixésima quinta, o contratista terá a consideración de encargado do tratamento dos datos de carácter persoal cuxo tratamento sexa responsable a entidade contratante.

O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos mediante comunicación por escrito dirixida ao Rexistro Xeral do Concello da Coruña, sito en Praza María Pita, 1. 15001 A Coruña, coa seguinte referencia na súa carta: "LOPD Exercicio de dereitos" (xunto á súa solicitude escrita e asinada, deberá acreditar a súa personalidade achegando fotocopia do DNI) ou ben mediante solicitude na sede electrónica. Dado o carácter confidencial da información, non poderá exercer os seus dereitos telefonicamente, posto que este medio non permite acreditar a identidade como titular dos datos rexistrados.

**ANEXO I****FORMULARIO DE MATRÍCULA**FORMALIZACIÓN DE NOVA MATRÍCULA  
ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS – CURSO 2021-2022

DATOS ALUMNO/A				
APELIDOS:		NOME:		
D.N.I.:	DATA NACEMENTO:	E-MAIL:		
RÚA:		Nº:		
ANDAR:	LETRA:	CÓDIGO POSTAL:		
TELÉFONO 1:		TELÉFONO 2:		
DISCAPACIDADE: Tipo	GRAO:	DEPENDENTE:	SI	NON

DATOS DO/A TITOR/A (só en caso de menor ou dependente)	
APELIDOS	NOME:
D.N.I.	DATA NACEMENTO:

PERSONA E TELÉFONO DE CONTACTO DURANTE A ACTIVIDADE	
Nome e apelidos:	Teléfono móbil:

RENOVACION MATRÍCULA NA ESCOLA DEPORTIVA MUNICIPAL	
E.D.M.:	INSTALACIÓN:
GRUPO E HORARIO:	

OBSERVACIÓNS

**E DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que son certos os datos facilitados.

Que non padezo ningunha enfermidade que me incapacite para a práctica da devandita actividade deportiva (Nota: O Servizo Municipal de Deportes resérvase a facultade de requirir certificado médico de idoneidade do alumnado, nos casos que considere oportunos).

Que coñezo e acepto todas e cada unha das condicións da convocatoria publicada na páxina web municipal na data de sinatura do presente documento.

Que sei nadar 25 metros sen tocar fondo nin suxeitarme a medios auxiliares fixos ou móbiles (para a matrícula nas EDM de Natación desde os 9 anos).

Que coñezo o protocolo de prevención fronte á COVID-19 das Escolas Deportivas Municipais e comprométome a cumprilo na súa totalidade.

Que accederéi ás instalacións deportivas municipais coas medidas de protección esixidas e que cumprerei as normas de utilización que marca o protocolo e as directrices do persoal das instalacións.

Que non estiven en contacto con ningunha persoa que dera positivo en Covid-19 nos últimos 14 días.

Que non padecín síntomas compatibles coa Covid-19 nos últimos 14 días.

Que avisarei de forma inmediata ao servizo municipal de Deportes se algunha das circunstancias anteriores sucedesen ou dese positivo en Covid-19, para que se poidan tomar as medidas oportunas.

Que a pesar da existencia dun protocolo de prevención, son consciente de que sempre existe un risco de contaxio por COVID-19, produto da circulación do virus a nivel mundial sen existencia de vacina na data de emisión deste documento.

## USO DA IMAXE DO/A MENOR

**AUTORIZO** á que se lle saquen fotos ao meu fillo/a ou a que se grave algún vídeo onde poida aparecer de forma puntual, para a súa publicación na páxina web do Concello da Coruña ou nas redes sociais do propio Concello: SI /NON

A Coruña, de 2020

Ado. O alumno/a

*(No caso de menores de idade deberán asinar todos/as os pais, nais ou titores)*

---

## DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- a) Menores de 14 anos: Fotocopia do DNI (de non telo, do Libro de Familia) e do DNI do pai/nai.
- b) A partir de 14 anos e ata os 18: Fotocopia do DNI e do DNI do pai/nai.
- c) Con 18 anos e desta idade en adiante; Fotocopia do DNI

- d) Alumnado suxeito a tutela, con independencia da idade: fotocopia do DNI, se o tivese e, ademais, do documento legal que a acredite e do D.N.I. do titor/a.

De acordo co disposto no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non se requirirán aos interesados datos ou documentos que fosen achegados anteriormente polo interesado a calquera Administración. A estes efectos, o interesado deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos, debendo as Administracións Públicas solicitalos electrónicamente a través das súas redes corporativas ou dunha consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto. Excepcionalmente, se as Administracións Públicas non puidesen solicitar os citados documentos, poderán solicitar novamente ao interesado a súa achega.

## DOCUMENTO PARAR AUTORIZAR A RECOLLIDA DOS/DAS MENORES AO REMATAR A ACTIVIDADE

NOME E APELIDOS DO PAI, NAI OU TITOR/A
NOME E APELIDOS DO MENOR
ACTIVIDADE

**AUTORIZO** ás persoas relacionadas a continuación para a recollida do meu fillo/a ao rematar as Escolas Deportivas Municipais:

(O solicitante da matrícula xa non é necesario nesta relación, si é importante poñer o outro proxenitor ou si hai algún tipo de cuestión legal por favor indícalo no apartado de outras cuestións)

NOME E APELIDOS	NIF/NIE	Parentesco/relación

No caso de que se autorice a recollida dos menores por persoas distintas ao solicitante, deberán aportar no momento de realizar a matrícula unha fotocopia do NIF ou NIE.

**AUTORIZO** a que o meu fillo/a menor de idade abandone o recinto municipal unha vez finalizada a xornada de EDM so baixo a miña responsabilidade: (só para o caso de nenos e nenas a partir de 11 anos): SI / NON

A Coruña, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

Asdo.....



**ANEXO II.**

FRANXA IDADE	ACTIVIDADE	HORARIO	PRAZAS LIBRES
6-8 ANOS	AIKIDO 6-8 ANOS UN DÍA (C.D. RIAZOR)	ME 18:00-19:00	3
	BOXEO 6-8 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME 17:00-18:00	7
	CICLISMO 6-8 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME 18:00-19:00	8
	IUDO 6-8 ANOS UN DÍA (C.D. RIAZOR)	LU 18:00-19:00	2
	MINITENIS 6-8 DOUS DÍAS (C.D. TORRE)	MA-XO 17:00-18:00	4
	MINITENIS 6-8 DOUS DÍAS (C.D. TORRE)	MA-XO 18:00-19:00	1
	MINITENIS 6-8 DOUS DÍAS (C.D. TORRE)	MA-XO 19:00-20:00	6
	NATACIÓN INICIACIÓN 6-8 ANOS UN DÍA (C.D. RIAZOR)	LUNS 16:30-17:15	6
	NATACIÓN INICIACIÓN 6-8 ANOS UN DÍA (C.D. RIAZOR)	ME 16:30-17:15	6
	PATINAXE 6-8 DOUS DÍAS (Pº Nº1 RIAZOR)	LU-ME 16:45-17:30	7
	PATINAXE 6-8 DOUS DÍAS (Pº Nº1 RIAZOR)	LU-ME 17:30-18:15	6
	XIMNASIA INICIACIÓN 6-8 DOUS DÍAS (Pº S. FAMILIA)	MA-XO 18:00-18:45	8
	XOGOS PREDEPORTIVOS 6-8 ANOS UN DÍA (C.D. RIAZOR)	LUNS 17:00-17:55	6
9-11 ANOS	AIKIDO 9-11 ANOS DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 18:00-19:00	8
	BADMINTON 9-11 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 18:00-19:00	13
	BOXEO 9-11 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME 18:00-19:00	1
	CICLISMO 9-11 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 18:00-19:00	2
	ESGRIMA 9-11 DOUS DÍAS (CASA DA AUGA)	LU-ME 18:00-19:00	8
	IUDO 9-11 ANOS DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-VE 19:00-20:00	5
	NATACIÓN 9-11 ANOS UN DÍA (C.D. RIAZOR)	VE 17:15-18:00	12
	NATACIÓN 9-11 ANOS UN DÍA (C.D. RIAZOR)	VE 17:15-18:00	12
	NATACIÓN 9-11 ANOS UN DÍA (C.D. RIAZOR)	LUNS 16:30-17:15	12
	NATACIÓN 9-11 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME 17:15-18:00	10
	NATACIÓN 9-11 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 18:00-18:45	2
	NATACIÓN 9-11 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 18:45-19:30	12
	PATINAXE 9-11 DOUS DÍAS (Pº Nº1 RIAZOR)	LU-ME 19:00-19:45	6
	PATINAXE 9-11 DOUS DÍAS (Pº Nº1 RIAZOR)	LU-ME 19:45-20:30	2
	TENIS 9-11 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 17:00-18:00	2
	TENIS 9-11 DOUS DÍAS (C.D. TORRE)	LU - ME 19:00-20:00	3
	WATERPOLO 9-11 (C.D. RIAZOR)	ME 16:00-17:00 e VE 18:00-19:00	6
	WATERPOLO 9-11 (C.D. RIAZOR)	MA - VE 16:00-17:00	6
	XIMNASIA INICIACIÓN 9-11 DOUS DÍAS (Pº S. FAMILIA)	MA-XO 18:45-19:30	7
XOGOS PREDEPORTIVOS 9-11 ANOS UN DÍA (C.D. RIAZOR)	LUNS 17:00-17:55	10	
12-17 ANOS	ATLETISMO 12-17 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME 19:00-20:00	8
	BADMINTON 12-17 DOUS DÍAS RIAZOR (C.D. RIAZOR)	MA-XO 19:00-20:00	10
	CICLISMO 12-17 TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 19:00-20:00	5
	ESCALADA 12-17 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 19:00-20:00	1
	ESGRIMA 12-17 TRES DÍAS (CASA DA AUGA)	LU-ME-VE 19:00-20:00	10
	NATACIÓN 12-17 ANOS UN DÍA (C.D. RIAZOR)	ME 16:30-17:15	12
	NATACIÓN 12-17 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME 18:45-19:30	2
	NATACIÓN 12-17 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME 19:30-20:15	1
	PADEL 12-17 DOUS DÍAS (C.D. TORRE)	MA-XO 18:00-19:00	1
	PATINAXE 12-17 DOUS DÍAS (Pº Nº1 RIAZOR)	LU-ME 19:45-20:30	5
	TENIS 12-17 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	ME-VE 18:00-19:00	3
	TENIS 12-17 DOUS DÍAS (C.D. TORRE)	LU-ME 18:00-19:00	3
	TENIS 12-17 DOUS DÍAS (Pº NOVO MESOIRO)	ME-VE 16:00-17:00	1
	XIMNASIA INICIACIÓN 12-17 DOUS DÍAS (Pº S. FAMILIA)	MA-XO 19:30-20:15	5
	ADESTRAMENTO +18 INTENSO DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 17:30-18:30	4
	ADESTRAMENTO +18 MOI INTENSO DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME 16:15 - 17:15	6
	ADESTRAMENTO +18 MOI INTENSO DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 08:00-09:00	6
	BADMINTON +18 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 8:00-08:55	10
	BÁDMINTON +18 DOUS DÍAS (C.D. TORRE)	MA-XO 12:00-13:00	12
	BAILE DEPORTIVO +18 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 16:00-17:00	6
	ESPALDA SANA +18 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	VE 19:00-20:00	10
	GAP Y BAL +18 INTENSO DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 21:00-21:45	3
	GAP Y BAL +18 INTENSO TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VI 11:15-12:00	9
	IOGA +18 DOUS DÍAS TORRE	MA-XO 09:15-10:15	6
	MANTEMENTO +18 DOUS DÍAS (Pº ROSALES)	MA-XO 10:00-11:00	3

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por X. Servizo Deportes (FERNANDO PEREZ SAN VICENTE) a las 15:34 del día 10/12/2021. Mediante el código de verificación 5Y722P5N52366T0D12QN puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/



# Ayuntamiento de A Coruña

## Concello da Coruña

FRANXA IDADE	ACTIVIDADE	HORARIO	PRAZAS LIBRES
+18 ANOS	MANTEMENTO +18 DOUS DÍAS (Pº ROSALES)	MA-XO 18:00-19:00	1
	MANTEMENTO +18 DOUS DÍAS RIAZOR (C.D. RIAZOR)	MA-VE 21:00-22:00	2
	MANTEMENTO +18 DOUS DÍAS RIAZOR (C.D. RIAZOR)	MA-XO 10:00-11:00	2
	MANTEMENTO +18 DOUS DÍAS RIAZOR (C.D. RIAZOR)	MA-XO 11:00-12:00	2
	MANTEMENTO +18 TRES DÍAS (Pº BARRIO FLORES)	LU-ME-VE 21:30-22:30	1
	MANTEMENTO +18 TRES DÍAS (Pº S. FAMILIA)	LU-ME-VE 20:00-21:00	1
	MANTEMENTO +18 TRES DÍAS (Pº S. FAMILIA)	LU-ME-VE 21:00-22:00	4
	MANTEMENTO +18 TRES DÍAS (Pº S. FCO XAVIER)	LU-ME-VE 20:00-21:00	10
	MANTEMENTO +18 TRES DÍAS (Pº S. FCO XAVIER)	LU-ME-VE 21:00-22:00	7
	MANTEMENTO +18 TRES DÍAS RIAZOR (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 11:00-12:00	1
	MANTEMENTO +18 TRES DÍAS RIAZOR (C.D. RIAZOR)	LU-ME-XO 21:00-22:00	3
	MARCHA NÓRDICA +18 DOUS DÍAS (C.D. TORRE)	LU-ME 11:30-12:30	14
	MARCHA NÓRDICA +18 DOUS DÍAS (Pº BARRIO FLORES)	MA-XO 12:30-13:30	14
	NATACIÓN +18 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME 18:00-18:45	2
	NATACIÓN +18 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME 18:45-19:30	3
	NATACIÓN +18 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME 19:30-20:15	5
	NATACIÓN +18 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME 20:15-21:00	1
	NATACIÓN +18 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME 21:00-21:45	3
	NATACIÓN +18 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME 21:45-22:30	1
	NATACIÓN +18 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 08:45-09:30	1
	NATACIÓN +18 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 09:30-10:15	1
	NATACIÓN +18 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 11:45-12:30	3
	NATACIÓN +18 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 12:30-13:15	2
	NATACIÓN +18 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 18:00-18:45	1
	NATACIÓN +18 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 18:45-19:30	5
	NATACIÓN +18 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 20:15-21:00	2
	NATACIÓN +18 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 21:00-21:45	2
	NATACIÓN +18 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 21:45-22:30	4
	NATACIÓN +18 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 19:30-20:15	2
	NATACIÓN +18 INTENSO DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 21:45-22:30	5
	NATACIÓN +18 MOI INTENSO DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME 21:45-22:30	9
	NATACIÓN +18 TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 08:00-08:45	4
	NATACIÓN +18 TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 08:45-09:30	3
	NATACIÓN +18 TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 09:30-10:15	5
	NATACIÓN +18 TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 10:15-11:00	4
	NATACIÓN +18 TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 11:00-11:45	3
	NATACIÓN +18 TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 12:30-13:15	4
	PADEL +18 DOUS DÍAS (C.D. TORRE)	LU-ME 10:00-11:00	8
	PADEL +18 DOUS DÍAS (C.D. TORRE)	LU-ME 11:00-12:00	8
	PADEL +18 DOUS DÍAS (C.D. TORRE)	LU-ME 20:00-21:00	8
	PADEL +18 DOUS DÍAS (C.D. TORRE)	MA-XO 10:00-11:00	8
	PADEL +18 DOUS DÍAS (C.D. TORRE)	MA-XO 11:00-12:00	8
	PADEL +18 DOUS DÍAS (C.D. TORRE)	MA-XO 20:00-21:00	8
	PILATES +18 DOUS DÍAS (ROSALES)	MA-XO 08:00-09:00	1
	PILATES +18 DOUS DÍAS (Pº BARRIO FLORES)	LU-ME 10:00-11:00	2
	PILATES +18 DOUS DÍAS (Pº BARRIO FLORES)	MA-XO 09:30-10:30	4
	TENIS +18 DOUS DÍAS (CASINO ZAPATEIRA)	LU-ME 10:00-11:00	8
TENIS +18 DOUS DÍAS (CASINO ZAPATEIRA)	LU-ME 11:00-12:00	8	
ESPALDA SANA +60 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 16:30-17:30	10	
ESPALDA SANA +60 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	VE 18:00-19:00	10	
IOGA +60 DOUS DÍAS (ROSALES)	LU-ME 11:30-12:30	14	
MANTEMENTO +60 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 10:30-11:15	4	
MANTEMENTO +60 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 12:00-12:45	4	
MANTEMENTO +60 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 12:45-13:30	9	
MANTEMENTO +60 DOUS DÍAS (Pº BARRIO FLORES)	ME - VE 09:00-10:00	6	
MANTEMENTO +60 INTENSO DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 13:00-14:00	2	
MANTEMENTO +60 INTENSO TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 08:00-09:00	4	
MANTEMENTO +60 TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 10:30-11:15	5	



**Ayuntamiento de A Coruña**  
**Concello da Coruña**

FRANXA IDADE	ACTIVIDADE	HORARIO	PRAZAS LIBRES
+60 ANOS	MANTEMENTO +60 TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 12:00-12:45	8
	MANTEMENTO +60 TRES DÍAS (C.D. TORRE)	LU-ME-VE 12:00-12:45	5
	MANTEMENTO +60 TRES DÍAS (Pº BARRIO FLORES)	LU-MA-XO 09:00-10:00	6
	MANTEMENTO +60 TRES DÍAS (Pº BARRIO FLORES)	LU-MA-XO 11:00-12:00	1
	NATACIÓN +60 INICIACIÓN. DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME 10.00-10.45	5
	NATACIÓN E XIM. ACUÁTICA +60 INIC./INT. DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 09:00-09:40	3
	NATACIÓN E XIM. ACUÁTICA +60 INIC./INT. DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 10:20-11:00	3
	NATACIÓN E XIM. ACUÁTICA +60 INIC./INT. DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 11:00-11:40	6
	NATACIÓN E XIM. ACUÁTICA +60 INIC./INT. DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 11:40-12:20	9
	NATACIÓN E XIM. ACUÁTICA +60 INIC./INT. DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 12:20-13:00	10
	NATACIÓN E XIM. ACUÁTICA +60 INIC./INT. DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 13:00-13:40	4
	NATACIÓN E XIM. ACUÁTICA +60 INIC./INT. DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	MA-XO 13:40-14:20	10
	NATACIÓN E XIM. ACUÁTICA +60 INIC./INT. TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 08:20-09:00	1
	NATACIÓN E XIM. ACUÁTICA +60 INIC./INT. TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 09:00-09:40	4
	NATACIÓN E XIM. ACUÁTICA +60 INIC./INT. TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 09:40-10:20	6
	NATACIÓN E XIM. ACUÁTICA +60 INIC./INT. TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 10:20-11:00	5
	NATACIÓN E XIM. ACUÁTICA +60 INIC./INT. TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 11:00-11:40	7
	NATACIÓN E XIM. ACUÁTICA +60 INIC./INT. TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 11:40-12:20	8
	NATACIÓN E XIM. ACUÁTICA +60 INIC./INT. TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 12:20-13:00	7
	NATACIÓN E XIM. ACUÁTICA +60 INIC./INT. TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 13:00-13:40	8
	NATACIÓN E XIM. ACUÁTICA +60 INIC./INT. TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 13:40-14:20	6
	PILATES +60 DOUS DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME 19:00-20:00	14
	PILATES +60 DOUS DÍAS (C.D. TORRE)	MA-XO 10:15-11:00	14
	PILATES +60 DOUS DÍAS (Pº BARRIO FLORES)	LU-ME 11:00-12:00	14
	PILATES +60 INTENSO TRES DÍAS (C.D. RIAZOR)	LU-ME-VE 12:00-13:00	2